



Tertulias literarias

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN DA MULLER “ROSALÍA DE CASTRO”

B

SANTA CRUZ

OUTUBRO – DECEMBRO 2023

B

1) La lotería, de Shirley Jackson


17 outubro a 7 novembro



Un conto que segue a escandalizar décadas despois da súa publicación en 1948 no semanario The New Yorker. A adaptación gráfica de Miles Hyman, neto da escritora, amosa o microcosmos dunha pequena vila onde cada ano se celebra un sorteo da tradicional lotería.

2) A nena do abrigo de astracán, de Xabier P. Docampo

7 a 21 novembro



A vila de Ribadaínsua protagoniza os acontecementos dramáticos dos últimos meses de 1947, que algúns quixeron agochar, para amosar aos seus habitantes como aniñara o mal entre eles.

Versión dixital en Galiciale

3) Canto yo y la montaña baila, de Irene Solà

21 novembro a 12 decembro




Unha novela na que toman a palabra mulleres e homes, fantasmas, mulleres de auga e outros seres que habitan os Pirineos, unha zona de fronteira que conserva a memoria de séculos de loitas e guerras fratricidas, pero que encarna tamén unha beleza incomparable.

Versión dixital en eBiblio

Audiolibro en eBiblio

4) El quinto en discordia, de Robertson Davies

12 decembro a 16 xaneiro



Arredor da morte do magnate canadense Boy Staunton técese a trama desta novela. Dunstan Ramsay, amigo desde a infancia de Staunton, tentará clarear as circunstancias da súa morte enfrontándose ao relato da súa propia vida.